

**ASUNTO.- INFORME RELATIVO Á XUSTIFICACIÓN DAS LIÑAS ESTRATÉXICAS DE SUBVENCIÓNS E DAS CORRESPONDENTES SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS INCLUÍDAS NOS ORZAMENTOS DA CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL.**

A petición do Director Superior Contable e Orzamentario, procédese a emitir o presente informe xustificativo dos obxectivos das subvencións nominativas para os orzamentos da Concellería de Política Social.

Moitas destas subvencións nominativas figuran nos orzamentos da Concellería dende hai varios anos. As subvencións nominativas máis recentes inclúense no orzamento por decisión superior para a aprobación polo Pleno da Corporación.

Para xustificar os obxectivos agrúpanse por liñas estratéxicas:

**Liña 1.6. Axudas de emerxencia**

Os convenios de colaboración subscritos teñen como finalidade contribuír ao mantemento das actividades das asociacións e, en concreto, facilitar produtos básicos de alimentación destinados a paliar situacións de necesidade.

Axudas sociais de comedores e albergue. Reforzar os recursos de atención inmediata relacionados coa alimentación básica e o aloxamento das persoas e familias mediante programas de alimentos, comedores sociais e albergue.

- Facilitar o acceso á alimentación básica ás persoas e familias sen recursos suficientes, complementando as axudas económicas municipais dispoñibles para estes fins.

- Proporcionar aloxamento temporal complementario do que ofrece o albergue municipal.

Os importes destes convenios son:

VIDA DIGNA	45.000€
HERMANOS MISIONEROS DE LOS ENFERMOS POBRES	57.060€
FUNDACIÓN PROVINCIAL BANCO DE ALIMENTOS DE VIGO	43.000€
FUNDACIÓN CASA DE LA CARIDAD DE VIGO- HOGAR SAN JOSE	23.000€
AFAN	55.000€
AXUDA ALUGUEIRO LOCAL BANCO DE ALIMENTOS	15.000€



**Liñas 1.3. Persoas enfermas e persoas con dependencias. 1.7. Atención ás familias e unidades de convivencia.**

Os convenios nominativos incluídos neste apartado teñen o obxectivo de minimizar os efectos sociosanitarios negativos derivados dalgúns das doenzas ou situacións persoais e, en xeral, mellorar a súa calidade de vida e a das persoas maiores en situación de soidade.

Os importes destes convenios son:

ASOCIACIÓN DE AXUDA AOS ENFERMOS MENTAIS DOA	7.290€
ASOCIACIÓN DE PERSOAS SORDAS DE VIGO	20.000€
ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS DE GALICIA	18.000€
FUNDACIÓN MENELA	8.000€
ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA O CANCRO	7.000€
ASOCIACIÓN GALEGA SAN FRANCISCO	8.000€
ASOCIACIÓN DE AMIGOS DOS MAIORES	20.000€

**Liñas 1.4. Axuda humanitaria. 1.5. Cooperación.**

Teñen o obxectivo de contribuír á erradicación da pobreza, ó desenvolvemento humano sostible e ó pleno exercicio dos dereitos, a redución das desigualdades, o fomento dos sistemas de cohesión social, a promoción dos dereitos das mulleres e a igualdade de xénero, dando unha resposta de calidade ás crisis humanitarias.

SAHARAUIS	60.000€
ACNUR	20.000€
UNICEF	20.000€
AULAS ABERTAS	20.000€
FUNDACIÓN MULLERES POR AFRICA	20.000€
PROGRAMA MUNDIAL BANCO DE ALIMENTOS	20.000€
MALEMBE	20.000€



**Liña 1.3. Persoas enfermas e persoas con dependencias.**

O obxectivo dos convenios desta liña é a atención social ás persoas drogodependentes e con outras adicións.

- Apoiar os procesos de deshabitación.
- Posibilitar a efectiva inclusión social destas persoas.
- Ofrecer apoio residencial temporal.
- Ofrecer información, minimizar os danos asociados ó consumo de drogas, diminuir a marxinalidade do colectivo e prevención do VIH/SIDA e doutras enfermidades transmisibles.

ASOCIACIÓN CIUDADANA DE LUCHA CONTRA LA DROGA	10.000€
ÉRGUETE ALOXAMENTO ALTERNATIVO	45.000€
MÉDICOS DO MUNDO EDUCACIÓN NA RÚA	50.000€

Vigo, data segundo sinatura electrónica  
O Xefe de Área de Benestar Social  
Jesús Núñez-Torrón López

